

## Recensións

ALONSO MONTERO, Xesús (2012): *O Ribeiro, na miña vida, como pedagogía e como compromiso (co gallo do nomeamento de Fillo Adoptivo do Concello de Ribadavia)*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 45 pp.

O día 24 de novembro de 2012 “a Corporación municipal de Ourense distingue públicamente a Xesús Alonso Montero co título de Fillo Adoptivo do municipio” (p. 5). A Deputación Provincial de Ourense “ten entre os seus obxectivos a defensa e difusión do patrimonio, cultura e identidade desta provincia e, como non, das persoas que contribúen a que isto sexa posible” (p. 5). Con esta publicación, como sinala o Presidente da Deputación de Ourense, D. José Manuel Baltar Blanco, preténdese “recoñecer e dar difusión á figura deste home, traballador incansable en favor da lingua, a literatura e a historia desta provincia de Ourense” (p. 5). No momento deste acto o profesor Xesús Alonso Montero aínda non era o Presidente da Real Academia Galega, cargo que ocupa na actualidade. Este libríño ábrese co perfil biográfico do autor e cunha mostra da súa obra publicada (pp. 9-12); desta maneira o lector coñece o prolífico perfil do profesor Alonso Montero.

A segunda parte (pp. 13-36) abarca o discurso do homenaxeado que comeza co seu vencellamento coa terra e coa filoloxía: “Eu nacín como filólogo, eu comecei a formarme como filólogo, no Ribeiro, e, dentro do Ribeiro, en Ribadavia. Contarei aquí a miña historia filolóxica (...)” (p. 17). Polo tanto, neste discurso vemos a traxectoria de Alonso Montero que, xa dende neno, cando chega a Ventosela falando castelán, se atopa coa cuestión da lingua como signo de identidade dende a outredade: “(...) Como eu era coma eles, fillos de labradores, e, coma eles, calzaba zocos e tiña remendos na roupa, eles esixían que falase na linguas dos remendos e dos zocos” (p. 18). Este conflito lingüístico

levarao posteriormente a facer unha “interpretación marxista” de el mesmo.

Nesta traxectoria coñecemos a importancia que tivo D. Bernardino Graña na vocación intelectual do noso autor (p. 20), o gusto pola lectura, o descubrimento dos clásicos universais, etc. Narra Alonso Montero que grazas á súa metafórica “enfermidade poética” (p. 22) o seu destino foi estudar: “Pois o Suso, como non vale para nada, que estudie”, dicía o seu pai (p. 23). O profesor Alonso Montero fala do señor Petouto, personaxe moi próximo á súa vida sobre o que xa fixen outra recensión nesta revista. Doutra parte, fala do seu amor pola música, polo canciónero popular (p. 29) e da súa vinculación coa comarca do Ribeiro: “O Ribeiro estivo presente, dun xeito ou doutro, na miña vida e, nun caso moi concreto, dun xeito importante” (p. 30).

Nas páxinas 30-34 temos a narración do Acto celebrado o 15 de maio de 1966 en contra da construción por FENOSA do encoro de Castrelo de Miño, que en teoría se organizou “para homenaxear ó poeta Celso Emilio Ferreiro co gallo da súa marcha a Caracas” (p. 31). Desta maneira iníciase a loita contra o poder dunha empresa apoiada incondicionalmente por Franco, dado que Barrié de la Maza apoiara a sublevación antirrepublicana en 1936. Para rematar este discurso Alonso Montero cita os estudos que fixo sobre O Ribeiro e o seu compromiso coa terra. Engade o coñecido artigo, publicado no Faro de Vigo en 1983, “Queres máis caldo Suso? (Autobiografía e diglosia)”, unha historia de amor marcada pola lingua do poder, o castelán.

Un nomeamento que deixa a pegada da obra do profesor Alonso Montero na súa terra. Benvido este libríño, unha maneira de coñecer a historia da vida do Profesor.

Carmen MEJÍA RUIZ